

Mércores 23 de maio ás 21.45h no Pichel

A sociedade do espectáculo (La société du spectacle, Guy Debord, Franza, 1973, 88', VOSG)

# A SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO

Criamos saber que a historia fixera a súa aparición en Grecia, xunto coa democracia. Pódese verificar que está desaparecendo do mundo xunto a ela.

## Espectáculo

No plano simplemente teórico, non teño que engadir ao que formulara anteriormente máis ca un detalle, pero de moito peso. En 1967 distinguín dúas formas sucesivas e rivais do poder espectacular: a concentrada e a difusa. Unha e outra planeaban por enriba da sociedade real, como a súa meta e a súa mentira. A primeira, que colocaba nun primeiro plano a ideoloxía resumida arredor dunha personalidade dictatorial, acompañara a contrarrevolución totalitaria, tanto a nazi coma a estalinista. A outra, que incitaba aos asalariados a escoller libremente entre unha gran variedade de mercadorías novas que rivalizaban unhas coas outras, representaba aquela americanización do mundo que nalgúns aspectos espantaba, pero tamén seducía aos países onde se conservaran durante máis tempo as condicións das democracias burguesas de tipo tradicional. Desde aquela veuse constituíndo unha terceira forma, por combinación equilibrada das dúas precedentes e sobre a base xeral do trunfo da que se mostrara máis forte, a forma difusa. Trátase do espectacular integrado, que hoxe tende a impoñerse no mundo enteiro.

(...)

O goberno do espectáculo, que ostenta actualmente todos os medios de falsificar o conxunto tanto da produción como da percepción, é dono absoluto dos records, así como é dono incontrolado dos proxectos que forxan o porvir máis lonxano. Reina non só en todas partes; *executa os seus xuízos sumarios*.

En tales condicións, vemos desencadenarse de súpeto e con alegría de entroido unha parodia da fin da división do traballo, que atopa tanto mellor acollida canto que coincide co movemento xeral de desaparición de toda competencia verdadeira. Un financeiro ponse a cantar, un avogado métese a informante da policía, un panadeiro expón as súas preferencias literarias, un actor métese a gobernar, un cocineiro lánzase a filosofar sobre os momentos de cocción como fitos da historia universal. Cada cal pode saír no espectáculo para se entregar ao público –ás veces por terse dedicado a ela en secreto- a unha actividade enteiramente distinta da especialidade pola cal se dera a coñecer inicialmente.

(...)

## Un xa non pode fiarse de ningún en razón do seu oficio

### Segredo

Ademais, os que tomaban a palabra formaban parte do complot e os discursos que pronunciaban foran previamente sometidos ao exame dos seus amigos. Ningunha oposición se manifestaba no resto dos cidadáns, aterrados polo gran número dos conxurados. E se alguén intentaba contradicilos malia todo, atopábase deseguido algún expediente cómodo para que morrera. Non se buscaba aos asasininos nin se perseguía xudicialmente aos sospeitosos. O pobo non reaccionaba e a xente estaba tan atemorizada que se tiña por contento quen se salvaba da violencia, aínda que fora calando. Ao creren aos conxurados moito máis numerosos do que eran, tiveron unha sensación de impotencia total. A cidade era grande de máis e non se coñecían uns aos outros como para que lles fora posible descubrir a

verdade. Nestas condicións, un non podía confiar a súa dor a ninguén, por moi indignado que estivera. Había que renunciar, xa que logo, a proceder contra os culpables, pois tería sido preciso dirixirse ou ben a un descoñecido ou ben a un coñecido en quen non se confiaba. No seo do partido democrático, as relación persoais estaban marcadas pola desconfianza; un preguntábase sempre se aquel con quen trataba non era por caso cómplice dos conxurados. Había entre estes, en efecto, homes dos que ninguén tería crido xamais que pasaran ao bando da oligarquía.

Tucidides, libro 8, capítulo 66 da *Guerra do Peloponeso*

## **Mafia**

A mafia non era máis ca un arcaísmo transparente cando comezou a se manifestar a principios de século [XX] nos Estados Unidos, coa inmigración de traballadores sicilianos, o mesmo ca guerra de bandas entre as sociedades secretas chinesas que polas mesmas datas xorden na costa occidental. Fundada sobre o escurantismo e a miseria, a mafia non lograba implantarse daquela nin no norte de Italia. Semellaba condenada a se extinguir en todas partes fronte ao estado moderno. Era un xeito de crime organizado que non podía prosperar senón mediante a "protección" de minorías atrasadas, lonxe do mundo das cidades, alí onde non chegaba o control dunha policía racional e das leis da burguesía. A táctica defensiva da mafia nunca podía ser outra ca eliminación das testemuñas, para neutralizar a policía e a xustiza e para asegurar que na súa esfera de actividades reinara o segredo que necesitaba. A continuación atopou un novo terreo no novo escurantismo da sociedade do espectacular difuso e despois integrado: co trunfo total do segredo, a abdicación xeral dos cidadáns, a perda completa da lóxica e os progresos da venalidade e a covardía universais, están reunidas todas as condicións favorables para que a mafia se convirta nunha potencia moderna e ofensiva.

(...)

Un engánase cada vez que quere explicar algo opoñendo a mafia ao Estado: xamais son rivais. A teoría corrobora con facilidade o que todos os rumores da vida práctica demostrara demasiado facilmente. A mafia non é ningunha estranxeira neste mundo; anda por el como pola súa casa. No momento do espectacular integrado, a mafia reina, de feito, como modelo de todas as empresas comerciais avanzadas.

Textos tirados de:

Debord, Guy (2003): *Comentarios sobre la sociedad del espectáculo: prólogo a la cuarta edición italiana de "La sociedad del espectáculo"*, Anagrama, Barcelona.

## ■ PROYECCIONES

**Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro**

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)

[cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

## ■ ASOCIACIÓN

**O Cineclub de Compostela**

**tenta ser unha asociación autosexionada.**

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Estudiantes

e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano